

A FORMACIÓN INICIAL DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA NO INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (ICE) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: ANTECEDENTES E EVOLUCIÓN

THE INITIAL TRAINING OF THE SECONDARY SCHOOL TEACHERS IN THE INSTITUTE OF EDUCATION SCIENCE (ICE) OF THE UNIVERSITY OF SANTIAGO DE COMPOSTELA: HISTORY AND EVOLUTION

Ángel Serafín Porto Ucha

Universidade de Santiago de Compostela
angelserafin.porto@usc.es

Raquel Vázquez Ramil

Escola Universitaria de Maxisterio CEU-Universidade de Vigo
raquel.vazquezramil@ceu.es

No se puede aprender a educar de otro modo que educando.

Manuel B. Cossío (1966)

RESUMO

Analizamos a continuación o nacemento do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1969 recollendo a experiencia previa da Escola de Formación do Profesorado de Grao Medio, creada en 1964.

Os ICE son un dos puntos dos que parte a Lei Xeral de Educación de 1970 para situar o panorama educativo español á altura dos países europeos. A formación do profesorado estaba, en todos os niveis, retrasada e necesitábanse medidas urxentes; no caso dos profesionais do maxisterio, a súa formación práctica contemplábase na propia carreira, como segue a ocorrer hoxe; non era así no caso dos profesores de ensino secundario, aos que se lles esixían coñecementos teóricos, pero non se lles daban as ferramentas para comunicalos nunha aula. Para solucionar a eiva ideouse o Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), que moi pronto acabou converténdose nunha pesada esixencia para os alumnos, o cal motivou sucesivos intentos de cambio ata a súa substitución polos másteres de formación de profesorado actuais. Polo CAP que ofrecía o ICE da Universidade de Santiago pasaron un elevadísimo número de alumnos e alumnas nun período de case corenta anos, entre 1970 e 2009; moitos deles son hoxe profesores de educación secundaria en institutos e noutros centros educativos. De aí que sexa relevante estudar a evolución do centro responsable da súa formación pedagóxica.

Palabras chave: Instituto de Ciencias da Educación (ICE), Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), formación do profesorado, educación secundaria, Universidade de Santiago de Compostela.

ABSTRACT

This paper analyzes the creation of the Institute of Education Sciences (ICE) of the University of Santiago de Compostela in 1969, collecting the previous experience of the Training School for Teachers of Intermediate Level, created in 1964.

The ICEs are one of the points designed by The General Education Act of 1970 to bring the Spanish educative scene to the level of the European countries. The training of teachers was really behind and required urgent measures. Primary School Teachers received practical training during their studies, as it continues happening today. But it was not so in the case of the Secondary School Teachers, who were demanded theoretical knowledge without receiving the tools to communicate it in the classroom. To solve this lack it was devised a Course of Pedagogical Aptitude (CAP), which soon became a heavy demand for students. This fact led to successive changes until being replaced by the actual Teachers' Training Masters.

The CAP of the University of Santiago was followed by a very high number of students in a period of almost forty years, between 1970 and 2009. Many of the former students are today Teachers in Secondary Schools and in other educative centres. Because of that it is relevant to study the evolution of the entity responsible for their pedagogical training.

Keywords: Institute of Education Sciences (ICE), Course of Pedagogical Aptitude (CAP), Teachers' training, Secondary Education, University of Santiago de Compostela.

1. O INICIO DOS ICE. INCORPORACIÓN DA EXPERIENCIA ANTERIOR

A década de 1960 caracterizouse pola introdución do modelo tecnocrático na educación. Durante o goberno de Lora Tamayo no Ministerio de Educación Nacional (MEN), en 1966 o Ministerio cambia de nome, pasando a chamarse Ministerio de Educación e Ciencia (MEC). A Administración educativa anterior baseárase, fundamentalmente, nun criterio sectorial, é dicir, en compartimentos estancos, nos que, segundo Julio Seage e Pedro de Blas, «cada nivel de enseñanza tiene unos fines y objetivos diferentes y se dirige a un tipo de público distinto» (Seage e Blas, 1975). Cando en 1968 accede José Luis Villar Palasí ao novo Ministerio, un dos problemas co que debe afrontarse é precisamente o da inadecuación da Administración educativa a unha concepción unitaria da educación (Puelles Benítez, 1980). Unha das primeiras medidas tomadas polo Ministerio foi a creación de novas universidades en Madrid, Barcelona e Bilbao; outra, a creación dos Institutos de Ciencias da Educación, radicados nas universidades e coordinados por un órgano, o Centro Nacional de Investigacións para o Desenvolvemento da Educación (CENIDE¹, máis tarde transformado en Instituto Nacional de Ciencias da Educación, INCIE²). Segundo Manuel de Puelles, tratábase de acercar a Universidade aos demais niveis educativos, de que «en los institutos [nos ICE] se prepararan todos los profesores, públicos o privados, para la docencia y de que se adscribieran unos órganos específicos dedicados a la investigación de las ciencias de la educación» (Puelles Benítez, 1980, p. 430, nota 5), aínda que o intento «quedara, en su realización, muy lejos de los ambiciosos objetivos reseñados». Lémbraanos o autor que ese intento de acercar a Universidade aos demais niveis do

¹ Orde do 28 de novembro de 1969 (*BOE*, do 10 de decembro) pola que se desenvolve o Decreto 1678/1969, de 24 de xullo (*BOE*, do 15 de agosto), que crea o CENIDE.

² Decreto 750/1974, do 7 de marzo (*BOE*, do 23 de marzo), polo que se crea o Instituto Nacional de Ciencias da Educación (INCIE).

sistema xa se intentara anteriormente na Segunda República³. Pero a decisión de realizar unha reforma global do sistema educativo estaba en marcha, aínda que os valores que sustentaban o réxime eran os mesmos, o concepto cristián da vida e os principios do Movemento Nacional. En outubro de 1969 tiña lugar en Buitrago unha semana de traballo do equipo ministerial de Villar Palasí, na que se formulou unha estratexia que se concretaría despois no famoso Libro Blanco. Loxicamente, toda a experiencia acumulada da anterior Escola de Formación do Profesorado de Grao Medio (1964-69) serviu de base para esta nova iniciativa.

Os Institutos de Ciencias da Educación (ICE) foron creados ao abeiro do Decreto 1678/1969, de 24 de xullo (BOE de 15 de agosto). O citado Decreto establece como funcións específicas dos ICE a formación pedagóxica dos universitarios, a investigación activa no dominio das ciencias da educación e o servizo de asesoramento técnico nos problemas educativos. Un ano despois, a Lei Xeral de Educación de 1970 (LXE) asumiu por completo e reforzou as funcións dos ICE como centros universitarios de investigación e especialización. A Orde Ministerial de 14 de xullo de 1971 (BOE de 24 de xullo) aclarou e clasificou as actividades docentes dos ICE, centrándoas en cursos de obtención dos certificados de aptitude pedagóxica (CAP) para o exercicio da docencia, cursos de perfeccionamento do profesorado en exercicio e actividades complementarias como a difusión e información da Reforma Educativa, innovacións metodolóxicas e educativas, entre outras. Sinálase na LXE que as actividades dos ICE serán coordinadas a través do Centro Nacional de Investigacións para o Desenvolvemento da Educación (CENIDE). Suprimido este en 1974, continuou co labor o citado Instituto Nacional de Ciencias da Educación (INCIE).

2. O NACEMENTO DO ICE: ESTRUTURA INTERNA E EXTERNA

2.1. Estrutura organizativa e funcións

Os primeiros ICE comezaron a funcionar nalgunhas universidades españolas no curso 1969-70. Durante este curso iniciou as súas actividades o ICE da Universidade de Santiago de Compostela, aínda que o CAP se poría en marcha algo despois. Atrás quedaba a formación do profesorado de ensinanza media, que comezara en Santiago de Compostela no curso 1964-65, na Escola de Formación do Profesorado de Grao Medio, adscrita á antiga Facultade de Ciencias, baixo a dirección do profesor Massaguer (Castro Sacido, 1984).

³ Efectivamente, ademais da estrutura dos consellos de protección escolar, creados pola Segunda República na etapa dos gobernos provisionais (1931), cos consellos universitarios no alto da xerarquía (consellos universitarios, provinciais, locais, de centro), cabe citar no primeiro bienio republicano o decreto de 27 de xaneiro de 1932, polo que se crea a Sección de Pedagogía da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid, cunha dobre misión: «cultivo de las ciencias de la educación y el desarrollo de los estudios superiores pedagógicos» e a formación do profesorado de segunda ensinanza e das Escolas Normais, da Inspección de Primeira Ensinanza e dos directores de escolas graduadas (art. 1º). Esta Sección de Pedagogía expediría os certificados de estudos pedagóxicos que habilitarían aos diferentes licenciados para opositar ás cátedras dos institutos nacionais e das escolas normais. Pola súa banda, a licenciatura de Pedagogía habilitaría para o ingreso na Inspección e para opositar ás cátedras de Pedagogía nas escolas normais e para a dirección das escolas graduadas. Ademais, o doutoramento facultaría para acceder ás cátedras na propia Sección de Pedagogía. Tamén se creou outra Sección na Universidade de Barcelona.

O primeiro director do ICE foi o catedrático de Química Inorgánica José Ramón Masaguer Fernández (1969-72)⁴. Como director adxunto nesta primeira etapa (1969-1972) figuraba Agustín Fernández Albor, profesor de Dereito Penal da Universidade de Santiago de Compostela⁵, ao que sucedería Demetrio Díaz Sánchez⁶ como adxunto no período 1973-76. Posteriormente foron directores o catedrático de Química Física Julio Casado Linarejos (1973-80), o catedrático de Lingüística Española Guillermo Rojo Sánchez⁷ (1980-82), o catedrático de Orientación Educativa Luis Sobrado Fernández (1982-86)⁸, o catedrático de Química Inorgánica Manuel Rafael Bermejo Patiño (1986-90, con José Antonio Caride Gómez na subdirección), o catedrático de Teoría e Historia da Educación Antón Costa Rico (1 de outubro de 1991 ata o 31 de xullo de 1994), o catedrático de Didáctica e Organización Escolar Miguel Ángel Zabalza Beraza (1994-98), o catedrático de Teoría e Historia da Educación Miguel Ángel Santos Rego (1998-2006), o catedrático de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación José Cajide Val (2006-12) e a profesora titular de Métodos de Investigación Ana M^a Porto Castro (2012 ata a actualidade). Como se pode observar, nos primeiros anos a gran maioría dos directores procedían do campo das Ciencias, especialmente da Química, seguindo o modelo do primeiro director, José Ramón Masaguer⁹. A partir dos anos oitenta en postos de responsabilidade e de 1990 na dirección, os directores e directoras proceden da Facultade de Ciencias da Educación, como o persoal colaborador e investigador do propio ICE¹⁰.

O ICE da Universidade de Santiago de Compostela comezou coas divisións de Formación do Profesorado e Investigación Educativa, das que foron xefes nos seus comezos M^a del Carmen Enríquez Salido, Manuel Luis Casalderrey García (que tamén foi director adxunto), Juana Castro Sacido e Miguel Ángel Ríos Fernández¹¹; a división de Tecnoloxía Educativa, con José M^a Díaz

⁴ José Ramón Masaguer Fernández foi nomeado Delegado da Escola de Formación do Profesorado de Grao Medio da USC en xaneiro de 1966. En 1969 asume a dirección do ICE da USC ata 1972, ano que pasou a ocupar o cargo de Reitor da USC. En 1974, tralo asasinato de Carrero Blanco e a recomposición do goberno por parte de Carlos Arias Navarro, foi nomeado Director Xeral de Ordenación Educativa, sendo ministro de Educación Martínez Esteruelas. Posteriormente exerceu a cátedra de Química Inorgánica na Universidade Autónoma de Madrid. O 28 de abril de 1977 foi distinguido como director honorario do ICE da USC.

⁵ Agradecemoslle ao profesor Luis Sobrado Fernández a información que nos aportou no seu día sobre esta primeira época do ICE. Véxase, ademais, Sobrado Fernández e Prado Díez (1984).

⁶ Demetrio Díaz Sánchez foi profesor axudante de Filosofía no Instituto Ramiro de Maeztu de Madrid. Tamén foi o primeiro reitor da Universidade Laboral Crucero Baleares da Coruña, entre 1965 e 1970.

⁷ Membro da Real Academia Española dende o ano 2000, onde ocupa o sillón N, director académico do Banco de Datos do Español e coordinador científico de Lingüística do Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades.

⁸ O profesor Luis Sobrado, que daquela era inspector técnico de EXB, exerceu como director nesta etapa. Posteriormente foi catedrático de Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional no Departamento de Métodos de Investigación e Diagnóstico na Educación da Facultade de Ciencias da Educación da USC.

⁹ Este modelo foi moi criticado nos anos oitenta por alonxarse da práctica educativa e por excesivamente burocratizante. Ver ao respecto Barcia (1986).

¹⁰ No curso 1973-74 recoñécense en Santiago as ensinanzas de Filosofía e Ciencias da Educación; a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación créase en 1975, cas seccións de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía, que posteriormente se separarán en facultades independentes. Polo tanto o ICE da Universidade compostelá é anterior a creación da propia Facultade de Ciencias da Educación, o cal explica as características iniciais, con directores de perfil claramente científico e tecnocrático.

¹¹ Carmen Enríquez Salido é catedrática de Lingua e Literatura españolas na Universidade de Vigo, Manuel Casalderrey García foi catedrático de Química no Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra, Juana Castro Sacido exerceu como catedrática de Xeografía e Historia do IES Monte de Conxo, e Miguel Ángel Ríos Fernández foi catedrático de Química Física da Universidade de Santiago e na actualidade é presidente da Real Academia de Ciencias de Galicia.

de Rábago¹², convertida no Servizo de Medios Audiovisuais (SERVIMAV) en 1984, como servizo autónomo na Universidade. En 1973 creouse a división de Orientación Escolar e Profesional, co profesor Luis Sobrado na xefatura. Estas divisións foron evolucionando ao longo do tempo¹³.

O ICE contou nos seus inicios con persoal administrativo e con persoal técnico, con Ángel Fagilde Trabada que continuaría no SERVIMAV; con José Ramón Lorenzo Creo, na Sección de Biblioteca e Documentación desde 1979 a 1986; con Pilar Redondo Santos, Directora da Sección de Biblioteca e Documentación de 1975 a 1978, e David de Prado Díaz, Director do Laboratorio de Investigación e Desenvolvemento Educativo (LIDE). Este persoal administrativo e técnico foi igualmente cambiando co paso do tempo.

Así, no período 1998-2002, o ICE contaba coa seguinte estrutura organizativa (Instituto de Ciencias da Educación, 2002, pp. 19-21):

- a) Dirección e subdirección
- b) Divisións
- c) Coordinación do CAP
- d) Xestión de Asuntos Xerais
- e) Biblioteca
- f) Equipo Informático
- g) Negociado
- h) Outro Persoal de Investigación

Esta estrutura estaba composta polas seguintes persoas:

- a) Dirección e subdirección
 - Director: Miguel A. Santos Rego
 - Subdirector: Agustín Godás Otero

¹² José M^a Díaz de Rábago naceu en Santiago, onde estudou Ciencias Químicas. Ingresou na Compañía de Jesús e amosou dende novo interese polos medios audiovisuais, o que o levou a especializarse na Universidade de Stanford (Estados Unidos) nos anos 60. Entre 1970 e 1982 foi Director da División de Tecnoloxía Educativa do ICE e dende 1982 a 1993 desempeñou a dirección do Servizo de Medios Audiovisuais da Universidade de Santiago; compaxinou estas actividades ca dirección do Colexio Maior San Agustín. Impulsou o proxecto Telegal entre a Universidade de Santiago e a UNESCO para introducir a informática no ensino de Galicia. Curmán da condesa de Fenosa, Carmela Arias y Díaz de Rábago, morreu no 2006 en Salamanca aos oitenta e oito anos, tras unha longa enfermidade.

¹³ No Documento de Bases elaborado polo novo equipo do ICE no curso 1986-87 (*Memoria 1987-1991*), entendiase que o Instituto debía estruturarse de acordo coas tres grandes áreas relacionadas coa Investigación, coa Docencia e coa Información e Documentación Educativa, cada unha delas con dúas divisións (6 en total), respectivamente: *Investigación Educativa* e *Estudos sobre Blingüismo*; *Profesorado de nivel universitario* e *Profesorado de niveis non universitarios*; *Información e Asesoramento* e *Documentación e Publicacións*. Esta profusión de divisións entendemos que non era moi operativa, tendo en conta o escaso persoal co que contaba o ICE. Por iso as *Memorias* dos períodos posteriores amosan unha estrutura máis reducida. Así, por exemplo, no período no período 1991-1994 constan as divisións de *Investigación Educativa*, de *Formación do Profesorado* e de *Asesoramento Didáctico*, de *Documentación Educativa e Publicacións*, coas respectivas seccións. No período 1998-2002 contaba coas divisións de *Programas de Intercambio e Relacións Institucionais*, *Investigación Educativa* e *Programas de Formación, Documentación e Tecnoloxía Educativa*. No período 2002-2006, *Investigación Educativa* e *Programas de Formación, Innovación Educativa, Documentación e Tecnoloxía Educativa*.

b) Divisións:

* *De Programas de Intercambio e Relacións Institucionais*

Xefe de División: Xosé Manuel Vez Jeremías

M^a del Mar Lorenzo Moledo (Setembro 2000-Setembro 2001)

* *De Investigación Educativa e Programas de Formación*

Xefe de División: Ana M^a Porto Castro (1998-Abril 2001)

Felicidad Barreiro Fernández (Maio 2001-Setembro 2001)

M^a del Mar Lorenzo Moledo (desde Outubro 2001)

* *De Documentación e Tecnoloxía Educativa*

Xefe de División: Eulogio Pernas Morado

c) Coordinación do CAP:

- Coordinadora Xeral: M^a del Carmen Morán de Castro

- Coordinación de Didácticas Específicas

Xosé A. Armas Castro

Bieito Silva Valdivia

Xosé Mendoza Rodríguez

M^a del Carmen Morán de Castro

d) Xestión de Asuntos Xerais

Beatriz Gómez Corredoira (1999-2000)

M^a Victoria del Río Garma (2001)

M^a Carmen Mirás Nouche (2001-2002)

e) Biblioteca

Cristina Cabada Giadás

f) Equipo Informático

José Castro Torres (1999-2001)

Marcos Franqueira González (2001-2002)

g) Negociado

Elvira Rodríguez Piñeiro

Clara Budiño Vázquez

h) Outro Persoal de Investigación

M^a Begoña Gómez Vázquez

Carmela Cambeiro Lourido

Susana Martínez Sieira

Entre as funcións iniciais do ICE, destaca a formación continuada do Profesorado, a Investigación e o Asesoramento; tamén como centro de recursos tecnolóxicos (Telegal), coa colaboración da Fundación Barrié de la Maza¹⁴. Na investigación destacan os proxectos iniciais encargados polo

¹⁴ Existiu un Centro Piloto de E.X.B., dependente do ICE, que foi o «Pedro Barrié de la Maza», situado en Mondego (Sada, A Coruña), que funcionou como tal desde o ano 1975 a 1986. A dirección e profesorado eran propostos polo ICE e o seu

MEC e o Banco Mundial, entre outros. Aínda mantendo as funcións orixinarias, o ICE da Universidade de Santiago de Compostela ten pasado por diversas fases de reaxuste interno, tanto na súa estrutura como nas súas funcións. Ademais das importantes publicacións, no seu seo lévanse constituído equipos de investigación, encargados do estudo técnico para os *Informes* do Consello Escolar de Galicia; estratexias no marco da colaboración para a innovación entre a Universidade e centros ou instancias non universitarias; cursos, congresos, seminarios e xornadas; o Taller Permanente de Educación Ambiental; o impulso dos premios á Innovación Educativa; os convenios de colaboración e intercambio; o servizo de Biblioteca¹⁵. Máis especificamente, a Formación Inicial dos futuros profesores de Educación Secundaria (CAP), que trataremos máis adiante.

2.2. Infraestruturas e recursos

En canto ás infraestruturas, o ICE ocupou diferentes dependencias da Universidade, e así, nun primeiro momento as clases impartíronse en locais da Facultade de Farmacia, posteriormente nos baixos da Facultade de Xeografía e Historia e logo na Facultade de Filoloxía. A dirección e xefatura administrativa do ICE radicaba no chalé da Avenida das Ciencias s/n, no corazón do Campus, rodeado de xardíns entre a Facultade de Química e as vivendas dos profesores. Non obstante, a principios de 1972 o Ministerio de Educación e Ciencia promulgou o Decreto 3377/1971, de 23 de decembro, que declaraba urxente a ocupación de terreos para a construción dun Instituto de Ciencias da Educación, centros docentes experimentais e outros destinos universitarios nas proximidades da estrada de San Lourenzo a Vidán, no municipio de Santiago de Compostela¹⁶.

A parcela afectada, propiedade de dona Eulalia Osorio de Moscoso, duquesa de Soma¹⁷, tiña unha extensión de cincuenta mil oitocentos oitenta metros cadrados, e limitaba ao norte coa estrada de San Lourenzo a Vidán, ao leste e sur con terreos da cidade universitaria e ao oeste con parte da finca non expropiada.

As obras previstas para a construción do Instituto de Ciencias da Educación considerábanse de utilidade pública. O Decreto foi asinado en Madrid por Francisco Franco o 23 de decembro de 1971, pero o proceso de expropiación debeu prolongarse no tempo e o ICE non contou cunha sede ad hoc, como estaba previsto. Finalmente nos terreos expropiados edificáronse equipamentos do Campus Vida, como a residencia universitaria do Monte da Condesa e a Facultade de Óptica e Optometría.

destino era en comisión de servizos». Xa no curso 1973-74 comezou a funcionar o Colexio Nacional de Campolongo (Pontevedra) coa idea de servir igualmente de centro piloto. Véxase o Decreto 2606/1974, de 9 de agosto, polo que se clasifica como Centro Piloto de Educación Xeral Básica, baixo a supervisión do ICE da USC, o Colexio Nacional de Campolongo, en Pontevedra capital, acollido ao Plan de Urxencia (*BOE* do 16 de setembro de 1974).

¹⁵ Cada un destes apartados merecería un estudo específico, do que nos encargaremos nun traballo global da Institución.

¹⁶ *BOE* nº 27 de 1 de febreiro de 1972, p. 1828.

¹⁷ M^a Eulalia Osorio de Moscoso y López Embún (1890-1976) foi a XVI duquesa de Soma, marquesa de Elche e condesa de Saltes. Sucedeuna no título e na propiedade da antedita finca o seu fillo José M^a Ruiz de Bucesta y Osorio de Moscoso, quen casou con M^a Luz de Mora y Aragón, irmá de Fabiola de Mora e Aragón. Fabiola, raíña de Bélxica, frecuentou o pazo de San Lourenzo en compañía do seu marido o rei Balduino.

O ICE non contaba pois con locais propios para a impartición do CAP. Este feito afectou á organización temporal dos cursos. En función da dispoñibilidade de aulas nas distintas Facultades, Colexios e Escolas Universitarias, houbo que distribuír os distintos seminarios.

Segundo a *Memoria 1987-1991*, o ICE estivo ubicado durante todos estes anos nos baixos da Facultade de Xeografía e Historia, ocupando unha superficie duns 540 m², distribuída así: 1 despacho para a Dirección, 7 para as Distintas Divisións, 1 Sala de Xuntas, 3 para servizos administrativos e conserxería, 1 para Biblioteca e 3 para arquivo e almacén.

O ICE dispuxo tamén para o seu uso de dúas aulas na mesma Facultade de Xeografía e Historia, de dimensións bastante reducidas e que se empregaron fundamentalmente para o Curso do CAP ou para outras actividades diversas co profesorado. Cómpre subliñar que estas aulas foron absolutamente insuficientes para desenvolver esa función de formación inicial do profesorado de Secundaria, para a que se chegaron a necesitar simultaneamente máis de 10 aulas, o que supuxo utilizar locais cedidos en distintos centros universitarios e problemas organizativos de certa entidade.

Canto a recursos materiais, segundo a mencionada *Memoria 1987-1991*, a dotación do ICE era mínima, botándose en falta especialmente todo o relacionado cos aspectos informáticos e medios audiovisuais. En concreto, á parte de armarios e andeis de biblioteca e de mobiliario de despachos, os recursos limitábanse en outubro de 1986 ao seguinte: 5 máquinas de escribir, 1 fotocopiadora, 52 archivadores e 1 retroproector.

No período 1987-1991 o ICE foi dotado de material e recursos que permitiron abordar as funcións de docencia, investigación e documentación educativa cun mínimo de éxito. As adquisicións feitas durante ese cuatrienio foron as seguintes: 7 ordenadores, 5 impresoras (1 láser), 3 máquinas de escribir, 2 retroproectores, 1 proxector de diapositivas, 1 magnetoscopio e monitor de TV, 1 radio-cassette, 1 fotocopiadora (en substitución da xa existente), 6 archivadores, 9 mesas de despacho, 4 armarios de biblioteca e 2 andeis de biblioteca.

As limitacións de recursos técnicos e didácticos estaban sobre todo no terreo dos medios audiovisuais, e, ao mesmo que sucedía coa dotación de espazos, manifestábase especialmente na faceta da docencia durante o Curso do CAP, o que obrigaba á utilización de medios externos ao propio Instituto (SERVIMAV) para poder atender adecuadamente a demanda que se producía en momentos puntuais do Curso.

2.3. Financiamento (Orzamentos)

Dende a Lei Xeral de Educación de 1970, os ICE percibían do Goberno Central importantes transferencias económicas para atender á formación permanente do profesorado, financiamento que desapareceu ao se produciren as transferencias en materia educativa á Xunta de Galicia e quedar o ICE sen esta competencia. Consecuencia desta situación de cambio político foi que no ano 1986 se realizaron moitos cursos que non contaron con tal fonte de financiamento. A Xunta da Galicia non asumiu as débedas ocasionadas e tivo que ser a propia Universidade a que se fixera cargo das mesmas (Instituto de Ciencias da Educación, 2002, p. 171).

Na negociación co Vicerreitor de Asuntos Económicos e co Xerente da Universidade de Santiago realizada ao longo do ano 1987, acordouse a creación dun fondo de 25 millóns de pesetas na partida de Investigación procedentes de remanentes existentes no ICE para facer unha serie de pagos pendentes: titores do CAP que levaban ata 4 anos sen cobrar, profesorado que impartira cursos organizados polo ICE con anterioridade ao ano 1986, compromisos asumidos polo anterior equipo directivo e que non puideran cumprir, etc. En suma, tratábase de resolver cuestións económicas pendentes para poder comezar unha nova etapa, e isto foise facendo entre 1987 e principios de 1988. As *Memorias* dos períodos posteriores reflicten a evolución desta temática¹⁸.

3. O DESENVOLVEMENTO DO CURSO DE APTITUDE PEDAGÓXICA (CAP)

3.1. Estrutura

A Orde de 8 de xullo de 1971 (BOE, de 12 de agosto) regulaba un marco mínimo de desenvolvemento do CAP. Constaría de dous ciclos:

- a) Primeiro ciclo, de carácter teórico. Estudaríanse os fundamentos e principios xerais da educación, necesarios para o labor docente. A programación xiraba arredor das seguintes temáticas: 1) Principios, obxectivos e problemática da educación nos seus aspectos psicolóxicos, sociolóxicos e históricos; 2) Tecnoloxía e sistemas de innovación docente; 3) Didácticas específicas. Este primeiro ciclo tería como mínimo unha duración de cento cincuenta (150) horas, quedando a criterio de cada ICE as modalidades de realización.
- b) Segundo ciclo, de carácter práctico. Tiña como finalidade o exercicio da «profesión docente». Desenvolveríase nos Centros de Ensino Medio, baixo a responsabilidade de profesores titores. A súa duración mínima era tamén de 150 horas.

Como xa sinalamos anteriormente, a Orde do 14 de xullo de 1971 (BOE de 24 de agosto) establecía a clasificación das actividades docentes dos ICE. Unha desas actividades docentes a desenvolver eran os cursos para a obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP). De acordo co marco normativo anteriormente sinalado, o ICE de cada Universidade organizou os cursos para a obtención do CAP que, con certas variantes diferenciadoras, presentaban unha serie de características comúns:

- a) A estrutura en dous ciclos separados, que afectaba tanto ao espazo no que se ía desenvolver como ao profesorado e titores participantes. Tratábase dunha estrutura bipolar pouco coordinada para establecer unha axeitada relación entre os dous ciclos.
- b) A duración aproximada ás 300 horas, pero entendida de forma flexible, que daría lugar, en moitos casos, á redución horaria, sobre todo no segundo ciclo, diante das dificultades de contar con titores suficientes e para desenvolver a estancia do alumnado nos Centros.

¹⁸ Unha parte importante do orzamento xiraba arredor do CAP, coas matriculas do alumnado, polo que, ao pasar este cometido á Facultade como Máster, o ICE veuse privado dunha fonte de ingresos importante, especialmente debido a que as clases do profesorado universitario participante van ser incorporadas aos correspondentes POD.

- c) As dificultades derivadas da falta de profesorado suficiente e de medios nos propios ICE, da masificación que se foi producindo no alumnado, e a carencia de propostas de colaboración adecuadas entre os ICE e os propios Centros de Ensino Medio.

Así, pois, se ben se daban estes elementos comúns, as estratexias de desenvolvemento do CAP fóronse diferenciando nas distintas Universidades, dando lugar a unha importante heteroxeidade, tanto no que afectaba ao modo de organizar a docencia como ás esixencias solicitadas aos/ás candidatos/as. O problema xa foi explicado con lucidez por Castillejo Brull (1982): a separación radical entre o predominio do «saber científico» por un lado e o «pedagogismo» por outro, unida a unha patente falta de medios económicos e humanos, fixo que os ICE arrastrasen carencias dende mediados dos anos 70 en todos os distritos universitarios, e que a formación proporcionada polo CAP foxe rexeitada polos licenciados, que a vían como un mero e pesado requisito para acceder á docencia pública.

Sobre estas bases, foi desenvolvéndose o CAP no ICE da Universidade de Santiago, con modificacións que afectaron, tanto ao número de horas para cada ciclo, como, principalmente, ao bloque específico do primeiro ciclo, no que se foron incorporando novas especialidades, en función da formación do alumnado. Como se sinalaba na *Memoria 1987-1991*, «a experiencia de case 20 anos demostra que este modelo de formación non responde ás necesidades dunha profesión cada vez máis complexa»¹⁹. O equipo que se fixo cargo do ICE no curso 1986-87 iniciou un proceso que tivo como manifestacións máis relevantes unhas Xornadas celebradas en Poio (Pontevedra) en setembro de 1987, coa participación duns 50 profesores de Ensino Medio e Universidade. A partir dos resultados de avaliación do curso 1987-88, o CAP quedou estruturado nun primeiro ciclo teórico, cunha duración aproximada de 120 horas, e un segundo ciclo práctico, realizado en centros de Ensinanza Secundaria, cunha duración aproximada de 50 horas.

A título de exemplo, no período 1998-2002 (Instituto de Ciencias da Educación, 2002, pp. 19-21), o curso para a obtención do CAP, cunha duración total de 150 horas, organizase en dous ciclos, teórico e práctico, estruturados arredor de tres bloques de traballo:

- a) Bloque común
- b) Bloque específico
- c) Practicum

Os bloques común e específico, que corresponden ao ciclo teórico, teñen por obxectivo abordar os aspectos básicos da educación, a ensinanza e a profesión docente, desde a contribución das Ciencias da Educación.

- No bloque común desenvólvense catro seminarios, cunha carga total de 60 horas:
- Teoría e Socioloxía da Educación (15 horas)
- Bases Psicolóxicas da Intervención Educativa no Ensino Secundario (15 horas)
- Deseño Curricular e Organización Escolar no Ensino Secundario (20 horas)
- Tutoría e Orientación Educativa no Ensino Secundario (10 horas)

¹⁹ ICE, *Memoria 1987-1991*, p. 73.

No bloque específico, cunha carga total de 40 horas lectivas, analízanse os aspectos propios da didáctica das diferentes áreas e materias da educación secundaria. O alumnado, en función da súa formación, pode seguir este bloque nunha das vinte especialidades ofertadas (Cadro I):

ICE da Universidade de Santiago

Período 1998-2002

Especialidades ofertadas no bloque específico

1. Administración de Empresas
 2. Bioloxía e Xeoloxía
 3. Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
 4. Cultura e Linguas Clásicas
 5. Debuxo
 6. Educación Física
 7. Filosofía
 8. Física e Química
 9. Formación e Orientación Laboral
 10. Lingua Alemá
 11. Lingua Castelá e Literatura
 12. Lingua Francesa
 13. Lingua Galega e Literatura
 14. Lingua Inglesa
 15. Matemáticas
 16. Música
 17. Psicoloxía e Pedagogía-Orientación
 18. Rama Sanitaria
 19. Servizos Socioculturais e á Comunidade
 20. Tecnoloxía
-

Cadro I: especialidades ofertadas

O ciclo práctico ten por obxectivo que o alumnado tome contacto directo coa realidade educativa, podendo observar de forma guiada aspectos organizativos e de funcionamento dos centros e das aulas, iniciándose, así mesmo, no toma de decisións que supón a elaboración e posterior desenvolvemento de propostas de ensinanza na súa área ou disciplina. Este ciclo práctico, ou Practicum, cunha duración de 50 horas, desenvólvese nos Centros Públicos de Ensino Secundario baixo a orientación dun profesor titor desta etapa.

3.2. O alumnado. Evolución

Imos desenvolver este apartado en distintos períodos, atendendo á aparición das grandes leis marco no sistema educativo: a LXE (1970), a LOXSE (1990), o breve período da LOCE (2002) e a implantación da LOE (2006).

3.2.1. O período da LXE (1971-1990)

a) O tramo 1971-77

A opción pola configuración deste tramo vén determinada polo feito de que no ICE da Universidade de Santiago impartíase unicamente o CAP de Bacharelato nunha sola convocatoria anual ata 1977²⁰. Agás no curso 1971-72, en que houbo unha presenza masiva de alumnos, debido en boa maneira a que era a primeira vez que se implantaba o CAP a partir da LXE de 1970, nos demais cursos académicos deste primeiro tramo a media estivo arredor dos 200 alumnos por curso (Táboa I). Ademais, en 1977 estableceuse a obrigatoriedade do CAP para todos os licenciados que quixesen optar ás oposicións de agregados de Instituto²¹ co que aumentou moi considerablemente a demanda do curso por parte de licenciados de todo o distrito universitario: «Con ello llegó la masificación y el deterioro de la calidad de las enseñanzas, aunque se siguieron manteniendo las normativas anteriores para los dos ciclos» (Castro Sacido, 1984, pp. 492). Ao mesmo tempo, aumentou o número de licenciados na Universidade compostelá, coa creación de novas Facultades e o crecente acceso da sociedade galega á ensinanza superior (Lois González, 1994). Pero o ICE contaba co mesmo número de profesores dos anos anteriores.

Curso académico	Alumnos matriculados ²²
1971-72	1.192
1972-73	293
1973-74	186 ²³
1974-75	198 ²⁴
1975-76	160
1976-77	171 ²⁵

Táboa I: ICE da Universidade de Santiago CAP (1970/71 – 1976/77)

²⁰ Seguimos a Castro Sacido (1984, pp. 491 e ss.). Juana Castro Sacido era Xefa da División de Formación do Profesorado do ICE da Universidade de Santiago. Comenta a autora que o CAP de Formación Profesional, regulado coma o de Bacharelato, non era obrigatorio para as oposicións. Por iso, non se impartía en Santiago, xa que Galicia carecía, ademais, dunha Universidade Politécnica. Tampouco se impartiu o CAP para o profesorado da Universidade.

²¹ Nese sentido, houbo que satisfacer as demandas dos que remataran os estudos en datas anteriores a 1977. Segundo nos recorda a autora anteriormente citada, a demanda viña tanto por obter o certificado para ir a oposicións como por simple mérito para entrar no ensino non estatal, pois estaba equiparado como mérito a un ano de docencia nun centro estatal ou homologado de Bacharelato.

²² A fonte documental da que partimos para elaborar esta relación de alumnos matriculados é, a partir do curso 1974-75, a contabilización dos que figuran nas Listas Alfabéticas dos correspondentes arquivadores do ICE para o Primeiro Ciclo do CAP. Dos anos anteriores, incluímos os que aportan Cepeda Romero (1990, p. 483) (curso 1973-74) e Sobrado e Prado Díez (1984, p. 486) (Cursos 1971-73).

²³ Dato tomado de Cepeda Romero (1990, p. 483). A autora refírese á Memoria de 1973-74 realizada polo ICE.

²⁴ Para o curso 1974-75 tivemos en conta os matriculados no primeiro ciclo por seminarios. Nestes primeiros cursos os datos non son precisos.

²⁵ Hai disparidade de cifras segundo as fontes consultadas. Nós, para este curso, contabilizamos os alumnos matriculados no primeiro ciclo nas “Didácticas de”, que se impartiron entre febreiro e abril do curso 76-77. No artigo de Casado Linarejos (1980, p. 338), figuran un total de 475 alumnos matriculados.

b) Tramo 1977-1990

Tal como sinalamos anteriormente, a partir do curso 1977-78 apréciase un importante incremento no número de alumnos matriculados no CAP (Táboa II). Para cubrir a demanda, recorreuse a máis dunha quenda e nalgunha ocasión á convocatoria dun Ciclo extraordinario, incluso fóra da capital galega, como sucedeu no curso 1977-78, cun primeiro ciclo extraordinario que tivo lugar na Coruña, cun total de 127 alumnos matriculados²⁶.

Curso Académico	Alumnos matriculados ²⁷
1977-78	604 ²⁸
1978-79	675 ²⁹
1979-80	244 ³⁰
1980-81	478 ³¹
1981-82	492 ³²
1982-83	557 ³³
1983-84	400
1984-85	593
1985-86	749
1986-87	1.152 ³⁴
1987-88	1.039
1988-89	1.371
1989-90	1.489

Táboa II. ICE da Universidade de Santiago CAP (1977/78 – 1989/90)

3.2.2. O período da LOXSE (1990-2002)

A Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, do 3 de outubro de 1990 (BOE, de 4 de outubro) introduciu nos artigos 24.2, 28 e 33.1 a esixencia dun Título Profesional de Especialización Didáctica, que se obtiña mediante a superación dun Curso de Cualificación Pedagóxica (CCP) para os docentes na etapa de Ensino Secundario establecida na propia Lei.

²⁶ Dato tomado das correspondentes fichas para este curso.

²⁷ Seguimos utilizando a mesma fonte documental, coa contabilización dos que figuran nas Listas Alfabéticas das fichas dos correspondentes arquivadores do ICE para o Primeiro Ciclo do CAP ata o curso 1985-86 inclusive. A partires dese curso, os datos que incluímos proceden das correspondentes memorias localizadas.

²⁸ 477 alumnos proceden das fichas dos matriculados inicialmente, aos que se suman 127 do 1º Ciclo Extraordinario realizado en xullo na Coruña.

²⁹ 605 corresponden aos matriculados inicialmente na primeira quenda, aos que se suman 70 procedentes de Vigo, cun grupo de Letras (34) e outro mixto (36).

³⁰ Proceden das fichas correspondentes.

³¹ Proceden das fichas correspondentes.

³² 323 proceden das fichas da primeira quenda, aos que se suman 169 da segunda.

³³ Proceden das fichas correspondentes.

³⁴ Os datos correspondentes aos cursos 1986/87 a 1990/91 figuran igualmente na *Memoria 1991-94*. ICE Universidade de Santiago, s.a., p. 65

Nestes anos noventa a necesidade de cambio no esquema dos ICE é palpable e nalgúns universidades inténtanse poñer en práctica modelos máis acordes coas esixencias reais, como o que presentan Martín Toscano e Martín Muncharaz (1995)³⁵ no ICE da Universidade de Sevilla, que apostaba pola vinculación dos diferentes coñecementos, destrezas e habilidades dos futuros profesores ás actividades prácticas que se esperaba desenvolvesen; aínda así, tamén en Sevilla a masificación de alumnado impediu que o modelo prosperase.

Cinco anos máis tarde, polo Real Decreto 1692/1995 de 20 de outubro (BOE de 9 de novembro), regúlase o título do CCP, establecendo os parámetros básicos que deben definilo e que, despois, deben resolver e concretar as respectivas administracións educativas con competencias. O Real Decreto establecía unha carga mínima lectiva de 60 créditos e máxima de 75, que se impartirían nun período de tempo non inferior a un ano académico.

O R.D. 1692/1995, polo que se regulaban os novos cursos para a formación inicial do profesorado de educación secundaria, propiciou unha «avalancha de noticias, tomas de posición e protestas» (Zabalza Beraza, 1997, p. 5). Pero o ICE da Universidade de Santiago de Compostela continuou organizando anualmente o CAP (Táboa III), no contexto da reforma que se viña experimentando dende anos atrás, se ben, na Introducción á *Memoria 1998-2002*, «segue a manifestar o seu interese e mesmo inqueda pola incertidume que aínda hoxe rodea a posta en marcha do CCP na nosa Comunidade Autónoma» (Instituto de Ciencias da Educación, 2002, p. 19).

Curso Académico	Alumnos matriculados ³⁶
1990-91	1.342 ³⁷
1991-92	1.589
1992-93	1.666
1993-94	2.064
1994-95	1.536 ³⁸
1995-96	1.426
1996-97	2.245 ³⁹
1997-98	2.611
1998-99	2.606 ⁴⁰
1999-00	2.219
2000-01	1.997
2001-02	1.872 ⁴¹

Táboa III. ICE da Universidade de Santiago CAP (1990/91 – 2001/2002)

³⁵ Outro modelo foi o de combinación do desenvolvemento curricular procesual de Stenhouse e a investigación en acción, ensaiado no ICE da Universidade de Málaga tamén en 1995, con resultados alentadores, aínda que non consta que se mantivese no tempo. Véxase: López Montiel e Rodrigo Muñoz (1995).

³⁶ Seguimos utilizando a mesma fonte documental: As *Memorias* e a contabilización dos que figuran nas Listas Alfabéticas das fichas dos correspondentes arquivadores do ICE para o Primeiro Ciclo do CAP, cando non localizamos as correspondentes *Memorias*.

³⁷ Os datos dos cursos 1990/91 a 1993/94 figuran na *Memoria 1991-94*. ICE Universidad de Santiago, s.a., p. 65.

³⁸ Os datos dos cursos 1994/95 a 1995/96 figuran en Zabalza (1997, p. 34).

³⁹ Os datos dos cursos 1996/97 a 1997/98 foron extraídos das correspondentes fichas dos arquivadores, ordenados alfabeticamente por apelidos. Lembramos que, dende o curso 1993/94, os arquivadores están ordenados deste xeito.

⁴⁰ Os datos dos cursos 1998/99 a 2000/01 están tomados de Zabalza Beraza (1997, p. 29).

⁴¹ Os datos dos cursos 2001/02 a 2005/06 están tomados de Santos Rego (2006, p. 43).

3.2.3. O breve período da LOCE (2002) e a implantación da LOE (2006)

Sabemos que no ano 2000 completáronse as transferencias educativas ás Comunidades Autónomas⁴². A partir de aquí, comezou un proceso de transformacións, tanto a nivel autonómico como central. Este proceso afectou a diferentes ámbitos do sistema educativo, como foi o caso da formación inicial e permanente do profesorado. A transformación principal consistiu na substitución do anterior modelo establecido pola Lei Xeral de Educación de 1970, por outro baseado na estrutura de graos e postgraos do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior). A manifestación máis emblemática no que respecta ao noso estudo afectou ao Curso de Aptitude Pedagóxica, que vai experimentar a súa adecuación ao sistema de graos e postgraos⁴³.

Na transición entre a Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990) e a Lei Orgánica de Calidade da Educación (LOCE, 2002), apareceron algunhas propostas que non tiveron plena aplicación. A descentralización universitaria tivo tamén como consecuencia un certo decrecemento (Táboa IV) no alumnado do CAP para o ICE da Universidade de Santiago de Compostela.

Curso Académico	Alumnos matriculados ⁴⁴
2002-03	1.771 ⁴⁵
2003-04	910
2004-05	1.030
2005-06	829
2006-07	736
2007-08	681
2008-09	946

Táboa IV. ICE da Universidade de Santiago CAP (2002/03 – 2008/09)

3.3. A descentralización

Unha vez producida a descentralización da Universidade galega, co reparto en tres universidades, A Coruña, Santiago e Vigo⁴⁶, ata o curso 1999-2000 inclusive, o ICE da Universidade de Santiago de Compostela veu organizando e coordinando o Curso de CAP para as tres universidades. A partir de entón, organízase para as universidades de Santiago e Vigo, no seguintes campus: Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ourense (Instituto de Ciencias da Educación, 2002, pp. 21-28). Esa organización, prestando o servizo na de Vigo, mantívose ata o curso 2002-2003 inclusive. A partir do curso académico 2003-2004, a Universidade de Vigo puxo en marcha un curso propio de formación, co que o labor concentrouse exclusivamente no ámbito de actuación da Universidade de

⁴² En Galicia, o proceso de transferencias, xunto co País Vasco e Cataluña, comezara moito antes.

⁴³ Seguimos a Alejandro Tiana (2013).

⁴⁴ Utilizamos a mesma fonte documental: As *Memorias* e a contabilización dos que figuran nas Listas Alfabéticas das fichas dos correspondentes arquivadores do ICE para o Primeiro Ciclo do CAP, cando non localizamos as correspondentes *Memorias*.

⁴⁵ Como sinalamos anteriormente, os datos dos cursos 2001/02 a 2005/06 están tomados de Santos Rego (2006, p. 43).

⁴⁶ Lei 11/1989, de 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (*BOE* do 27 de outubro de 1989), derogada pola Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (*BOE* de 19 de xullo de 2013).

Santiago de Compostela (Santos Rego, 2006, p. 37), «o que supuxo un descenso de arredor do 40% no alumnado do curso do CAP deste ICE» (Santos Rego, 2006, p. 42) (Táboa VI).

Curso	Localidade	N	%	Sumatorio
1998-99	Santiago	1.499	57.52	1.499
	A Coruña	363	13.93	1.862
	Lugo	248	9.52	2.110
	Ourense	162	6.22	2.272
	Pontevedra	334	12.82	2.606
1999-00	Santiago	1.307	58.90	1.307
	A Coruña	328	13.93	1.635
	Lugo	182	8.20	1.817
	Ourense	142	6.40	1.959
	Pontevedra	260	11.72	2.219
2000-01	Santiago	1.011	50.63	1.011
	Lugo	245	12.27	1.256
	Ourense	186	9.31	1.442
	Pontevedra	555	27.79	1.997
2001-2002	Santiago	857	45.80	857
	Lugo	283	15.10	1.140
	Ourense	210	11.20	1.350
	Pontevedra	522	27.90	1.872
2002-03	Santiago	776	43.80	776
	Lugo	215	12.10	991
	Ourense	222	12.50	1.213
	Pontevedra	558	31.50	1.771
2003-04	Santiago	695	76.40	695
	Lugo	215	23.60	910
2004-05	Santiago	795	72.20	795
	Lugo	235	22.80	1.030
2005-06	Santiago	653	78.80	653
	Lugo	176	21.20	829

Táboa VI. ICE da Universidade de Santiago Alumnado do CAP segundo localidade

3.4. As modalidades

Queremos facer finalmente referencia ás distintas «modalidades» que, ademais da ordinaria, foron tomando corpo co paso dos anos. Como modalidades organizativas, seguíronse as modalidades presencial, intensiva, semipresencial (esta última, froito dunha reforma efectuada no curso 2000-2001) e virtual (Táboas VII e VIII).

O CAP organízase en dúas modalidades de idéntico contido e asistencia obrigatoria, no mesmo espazo de tempo:

A modalidade ordinaria, en clases de luns a xoves, en sesións de dúas horas diarias.

A modalidade semipresencial, reservada para as persoas que, por causa de traballo, non poden acceder diariamente ao curso. Desenvólvese intensivamente nas tardes dos venres, de 16:30 a 21:00 horas. O ciclo práctico ten as mesmas condicións e características que na modalidade Ordinaria.

Esta segunda modalidade foi froito da citada reforma do curso 2000-01 da denominada «modalidade intensiva», que implicaba a asistencia á totalidade da carga lectiva do curso, celebrado exclusivamente en Santiago de Compostela os venres e algúns sábados, coas mesmas condicións de desenvolvemento que a modalidade ordinaria. A partir do ano académico sinalado planificase o desenvolvemento do curso, atendendo ao criterio de asistencia obrigada ao 60% da carga lectiva de cada seminario, e traballo individual e tutelado no 40% restante. Planificase tamén a descentralización desta modalidade, que pasa a realizarse en todos os campus.

Xa, no curso 2001-2002, o ICE comezou a desenvolver unha experiencia de «CAP virtual» na modalidade semipresencial de Didáctica da Física e a Química, que se enmarca dentro da USC Virtual, é dicir, o Campus Virtual da Universidade de Santiago de Compostela, e empregando o Entorno Virtual de Aprendizaxe WebCT⁴⁷.


Curso	Ordinaria	Intensiva	Semipresencial	Virtual	Total
1998-99	1.988	618			2.606
1999-00	1.566	653			2.219
2000-01	1.216		781		1.997
2001-02	1.073		781	18	1.872

Táboa VII. ICE da Universidade de Santiago Alumnado do CAP segundo modalidade de matrícula

	Ordinaria	Semipresencial	Virtual	Total
2002-03	1.072	699	28	1.771
2003-04	565	310	35	910
2004-05	630	374	26	1.030
2005-06	477	327	25	829

Táboa VIII. ICE da Universidade de Santiago Alumnado do CAP segundo modalidade de matrícula

⁴⁷ Como se pon de manifesto na *Memoria ICE 1998-2002*, p. 35, o alumnado (18 en total, de Santiago, Lugo e Ourense) foi elixido en función da súa especialidade, na medida en que se considerou que tería ampla experiencia no uso de ordenadores e acceso a redes telemáticas, o que facilitaríala o traballo coas ferramentas do curso.



Gráfica I. Alumnado do CAP segundo modalidade de matrícula

CONCLUSIONES

Estes son, en grandes cifras, os datos presentados, especialmente os referidos ao curso para a formación pedagóxica dos futuros profesores de educación secundaria. Quedan moitos aspectos a tratar, que non teñen cabida neste formato, e que estamos a desenvolver: os obxectivos que se pretendían, os contidos seleccionados, a metodoloxía de traballo, as prácticas de ensinanza, os sistemas de avaliación, a proporción alumnos-alumnas en cada unha das especialidades, o número de alumnos por clase, as taxas de abandonos, repetidores e demais —que tampouco foron tantos—, o que nos levaría a unha profunda reflexión sobre o particular. Igualmente, profundar nos recursos persoais e materiais dispoñibles, nas infraestruturas, na atención e interese da propia institución universitaria que lle deu acubillo ao ICE para desenvolver o labor de preparación pedagóxica do profesorado.

En total, segundo as fontes consultadas e o sistema de contabilización empregado, matricularonse no CAP do ICE da Universidade de Santiago de Compostela no período 1971-2009, momento este último en que o CAP dá paso ao Máster de Formación do Profesorado de Educación Secundaria, canalizado xa a través de Facultade de Ciencias da Educación, un total de **42.141**, entre alumnos e alumnas, un número realmente importante. Foron 38 cursos académicos cunha media de 1.109 alumnos por curso⁴⁸, menor nos primeiros anos, pero que se foi incrementando co paso do tempo, sen grandes modificacións nos recursos materiais e humanos dispoñibles. Este alumnado, ou polo menos unha parte importante del, sería o que ía ocupar os postos docentes no nivel da educación secundaria do noso sistema educativo. Neste achegamento ao labor formativo do profesorado

⁴⁸ Agás no curso 1971-72, moito menor ata o curso 1986-87, e menor no período 2005-2009.

de educación secundaria levado a cabo polo ICE da Universidade de Santiago constatamos un claro esforzo para atender as demandas dun moi elevado número de alumnos e alumnas, demandas acrecentadas pola procedencia do propio alumnado, de diferentes carreiras universitarias e con moi diferentes bases formativas e aspiracións profesionais.

O modelo do CAP foi sistematicamente cuestionado e rexeitado polo alumnado, que tendeu a velo como un requisito sen fundamento. Neste sentido fixéronse cambios ao fio das diferentes reformas educativas das que damos conta no apartado 3 deste traballo, pero a postura do alumnado continuou sendo reticente, en gran parte polo peso, que aínda hoxe é palpable, dos coñecementos en detrimento dunha vertente pedagóxica que sempre se viu con certo menosprezo dende as Facultades e centros alleos aos estudos propiamente pedagóxicos. Certamente a Universidade, polo menos dende 1970 e ata á actualidade, tivo ocasión de facerse cargo das «cuestiones formativas de la docencia de las enseñanzas de carácter escolar», como ben apunta M. Menor Currás, pero non foi quen de facelo, encargándose tan solo «de producir licenciados en las distintas disciplinas» (Menor Currás, 2014, p. 78). O ICE, neste caso o da Universidade de Santiago de Compostela, procurou atender ao alumnado e fíxoo ata o ano 2009 cos cursos de aptitude pedagóxica, sen descoidar outras importantes facetas, como os cursos de formación continua para diferentes niveis do profesorado (dende o maxisterio ata o profesorado universitario), con publicacións dirixidas aos docentes, co impulso á innovación pedagóxica e con grupos de investigación que desenvolveron actividades senlleiras sen o gran pulo que hoxe teñen os proxectos patrocinados por diferentes entidades.

No momento crucial no que estamos, en plena voráxine de reformas educativas contestadas desde moitas fronteas, podemos contemplar o traballo feito polo ICE da Universidade de Santiago ao longo de corenta e cinco anos e valoralo con ecuanimidade; no caso do curso de aptitude pedagóxica, é innegable o inxente traballo para atender con limitados medios materiais e humanos a un número moi elevado de alumnos e alumnas. En última instancia, pensamos que seguen a ser válidas as verbas de Cossío que inician este traballo: «No se puede aprender a educar más que educando», e todos os profesores e profesoras o saben.

REFERENCIAS

- Barcia, E. (1986). O Instituto de Ciencias da Educación. Un Instituto que non convenceu. *Revista Galega do Ensino*, nº 1, pp. 9-10.
- Casado Linarejos, J. (1980). Sobre el Instituto de Ciencias de la Educación. En M. Díaz y Díaz (Coord.) *La Universidad de Santiago*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade.
- Castillejo Brull, J.L. (1982). Los I.C.E.'s y la formación del profesorado. *Revista de Educación*, nº 269, pp. 43-54.
- Castro Sacido, J. (1984). El ICE de Santiago y la formación pedagógica inicial de profesores de bachillerato y formación profesional. *Bordón*, 253, maio-xuño, pp. 489-494.
- Cepeda Romero, O. (1990) A formación inicial do profesorado de ensinanzas medias. En J. A. Caride Gómez (Dir.) *A Educación en Galicia. Informe Cero. Problemas e perspectivas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Cossío, M.B. (1966). *De su Jornada (fragmentos)*. Madrid: Aguilar [1929].
- Instituto de Ciencias da Educación (s.a.). *Memoria 1987-1991*. Santiago de Compostela: ICE.
- Instituto de Ciencias da Educación (s.a.). *Memoria 1991-94*. Santiago de Compostela: ICE.
- Instituto de Ciencias da Educación (2002). *Memoria ICE 1998-2002*. Santiago: Serv. Impr. Dig. USC.
- Lois González, R. (1994). *A Universidade (1960-1992)*. Vigo: Xerais.
- López Montiel, D. e Rodrigo Muñoz, P. (1995). La formación inicial en Secundaria. *Cuadernos de Pedagogía*, nº 234, pp. 57-61.
- Martín Toscano, J. e Martín Muncharaz, L. (1995). Las prácticas en el Curso para la Obtención del Certificado de Aptitud Pedagógica (CAP) del ICE de la Universidad de Sevilla. *Revista Española de Enseñanza Universitaria*, nº 9, pp. 39-53.
- Menor Currás, M. (2014). *Ensayo historiográfico sobre la formación del profesorado (1970-2014)*. Recurso electrónico accesible en: http://www.colectivolorenzolzuriaga.com/PDF/Menor,%20Manuel/ENSAYO_HISTORIOGRAFICO_SOBRE-A_ORMACION_DEL_PROFESORADO.pdf
- Puelles Benítez, M. de (1980). *Educación e ideología en la España contemporánea*. Barcelona: Labor.
- Santos Rego, M. A. (Dir.) (2006). *Memoria ICE 2002-2006*. Santiago de Compostela: Grafanova.
- Seage, J. e Blas, P. de (1975). La Administración educativa en España (1900-71). *Revista de Educación*, 240, pp. 99-113.
- Sobrado Fernández, L. M. e Prado Díez, D. de (1984). El ICE de Santiago y la formación del profesorado. *Bordón*, 253, maio-xuño, pp. 479-488.
- Tiana, A. (2013). Los cambios recientes en la formación inicial del profesorado en España: Una reforma incompleta. *Revista Española de Educación Comparada*, 22, pp. 39-58. DOI: <http://dx.doi.org/10.5944/reec.22.2013.9322>
- Zabalza Beraza, M. (1997). ¿Qué di o ICE da Formación Inicial do Profesorado de Secundaria? En *A Formación Inicial do Profesorado de Secundaria de Galicia. Análise do modelo CAP e propostas para unha paulatina e reflexiva incorporación do modelo CCP*. Santiago de Compostela: Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela.